

ORACIÓN. SUXEITO

Pequena vida!



Na antigüidade, as persoas xa tiñan actividades de ocio. Así, por exemplo, os romanos eran moi afeccionados a ver carreiras de carros, un entretemento herdado dos gregos. En Roma, estas competicións facíanse no Circo Máximo. Os carros podían ser de dous ou de catro cabalos. Tiñan que dar sete voltas a toda velocidade sen chocar nin envorcar. Que espectáculo! E que risco!

Os romanos tamén gozaban do teatro, das termas... E todo de balde! Que sorte!

■ Este texto ten _____ oracións e _____ frases.

Indíca se o suxeito é léxico ou gramatical:

- Na reunión faltaba o secretario. ► _____
- O xoves visitaremos o museo. ► _____
- María debuxou un poboado celta. ► _____
- Faredes o traballo xuntos? ► _____
- Mañá tes que devolver o libro. ► _____

Escribe, detrás de cada enunciado do texto, se é unha frase (F) ou unha oración (O).



Unha decisión difícil

- A avoa preguntou que quero para xantar. ☐ Mmm, que difícil! ☐
- Gústanme tantas cousas... ☐ Peixe? ☐ Polo asado? ☐
- Ou unha boa paella? ☐ Non, xa o sei! ☐ Pedireille lentellas! ☐
- A avoa fainas con espinacas, cenoria e chourizo. ☐ Boísimas! ☐